

## ORDENANZA MUNICIPAL PRAL USO DA LENGUA GALEGO-ASTURIANA NEL CONCEYO DA VEIGA

### Preámbulo

El uso del galego-asturiano como vehículo d'espresión y comunicación sigue sendo, despóis de siglos, unha constante na vida diaria dos vecíos y vecías del conceyo da Veiga, de toda a comarca eonaviega y d'unha boa parte d'Asturias, notándose, col paso del tempo, un aumento da sensibilidade social y dos poderes públicos coas peculiaridades del feito lingüístico galego-asturiano, á qu'este conceyo se quer unir nel marco estricto das súas competencias.

Por outro lado, el ámbito dos conceyos é mui importante na dignificación social y nel proceso de normalización del galego-asturiano por causa da súa cercanía á ciudadanía. Os Conceyos tein el deber de garantizar os deretos qu'os ciudadanos y ciudadanas tein reconocidos y ún d'estes deretos é el d'usar a lingua galego-asturiana en calquer ámbito.

Tendo en conta qu'el dereto a usar unha lingua rexonal ou minoritaria na vida pública y privada é un dereto inalienable, d'acordo cos principios recoyidos nel Pacto Internacional dos Deretos Civiles y Políticos das Nacións Unidas y col espírito del Convenio del Consejo d'Europa prá protección dos Deretos Humanos y das Libertades Fundamentales, esta ordenanza nun pretende outra cousa que garantizar os principios y deretos que se derivan da Carta Europea das Linguas Rexonales y Minoritarias de 5 de noviembre de 1992, tratado internacional ratificado por España el 9 d'abril del 2001, qu'entró en vigor el 1 d'agosto del mesmo ano. Neste sentido, nel artículo 7.2 da carta establécese el compromiso "d'eliminar, se inda nun lo fixeron, calquer distinción, exclusión, restricción ou preferencia relativa al uso d'unha lingua rexonal ou minoritaria que tenda a desmotivar ou poñer en peligro el seu mantemento ou medría. A toma de medidas especiales a favor das linguas rexonales ou minoritarias col fin de buscar a igualdá entre os falantes d'estas linguas col resto da población ou que se tomen ou teñan en conta as súas condicións específicas nun se considera como un acto de discriminación contra os falantes de linguas d'uso máis estendido".

Xunto á Carta Europea de Linguas Rexonales y Minoritarias, esta ordenanza nace del marco lexislativo fundamental y primeiro da propia Constitución Española, que nel seu artículo 3.3 establece que "a riqueza das distintas modalidades lingüísticas d'España é un patrimonio cultural qu'ha a ser obxeto d'especial respeto y protección". Nel ámbito da Comunidá Autónoma respalda esta norma local el propio Estatuto d'Autonomía d'Asturias, que dice nel seu artículo 4.1: "El bable ha a gozar de protección. Ha a promoverse el seu uso, a súa difusión nos medios de comunicación y a súa enseñanza, respetando, sempre, as variantes locales y a voluntariedad del seu aprendizaxe". Pola súa parte, a Lei 1/1998, del 23 de marzo, d'Uso y Promoción de Bable/Asturiano, ademáis de reconocer el dereto de todos os ciudadanos y ciudadanas a usar el asturiano y a espresarse nél, de palabra y por escrito, refírese al ámbito municipal nel seu artículo 8.1, unde dispón que "os Conceyos asturianos han a poder adoptar as medidas necesarias pr'asegurar a efectividad del exercicio dos deretos lingüísticos qu'esta Lei dá a os ciudadanos residentes en Asturias". Xa pra rematar, esta ordenanza ten base legal nel artículo 84.1.a) da Lei 7/1985, de 2 d'abril, reguladora das Bases de Réxime Local, que

señala qu'as Entidades Locales han a poder intervenir nas actividades dos cidadanos y ciudadanas a través d'ordenanzas y bandos.

## **CAPÍTULO PRIMEIRO**

### **Disposicións xenerales**

#### **Artículo 1.- Linguas del conceyo da Veiga**

1.- A lingua galego-asturiana é, xunto al casteyano, a lingua propia del conceyo da Veiga, da Administración local y das corporacións públicas que d'ela dependen.

2.- En todos os ámbitos a os que fai referencia el apartado anterior, ha a poder usarse a denominación en lingua galego-asturiana prá tradicional propia del conceyo da Veiga.

#### **Artículo 2.- Obxeto y ambito d'aplicación**

1.- El uso, protección y desenvolvemento da lingua galego-asturiana nel ámbito del conceyo da Veiga vaise rexir polo disposto nesta ordenanza.

2.- As empresas adxudicatarias ou concesionarias que trabayan por conta del Conceyo da Veiga y as d'esplotación mista han a tar tamén, na medida del que seña posible, al que se dispón nesta Ordenanza y así se vai poder señalar esplicitamente nas bases dos contratos d'adxudicación.

#### **Artículo 3.- Deretos lingüísticos xenerales**

1.- Todos os cidadanos y ciudadanas tein dereto a usar el galego-asturiano y a espresarse nél de palabra y por escrito, del mesmo xeito qu'en casteyano.

2.- Os cidadanos y ciudadanas qu'usaran el galego-asturiano nas súas relacións ou actuacións administrativas col Conceyo, tein dereto a recibir, na medida del que seña posible, xunto á versión en casteyano, as comunicacións, notificacións ou resolucións en lingua galego-asturiana.

3.- Ningún ciudadano ou ciudadana vai poder ser discriminado/a por razón da lingua al ser atendido/a polos servicios, organismos ou corporacións que dependan del Conceyo da Veiga.

## **CAPÍTULO SEGUNDO**

### **El uso da lingua galego-asturiana nel Conceyo y na Administración Local**

#### **Artículo 4.- Eficacia xurídica del uso administrativo da lingua galego-asturiana**

1.- Vaise ter por válido a todos os efectos xurídicos el uso da lingua galego-asturiana nas comunicacións orales ou escritas dos cidadanos y ciudadanas col Conceyo da Veiga.

2.- Nos rexistros del Conceyo da Veiga vaise poder rexistrar en lingua galego-asturiana ademáis d'en lingua casteyana.

#### **Artículo 5.- Relacións cos administrados/as**

Sin perxucio de garantizar en todo caso el dereto reconocido nel artículo 3.2 d'esta Ordenanza, todas as comunicacións, notificacións y resolucións del Conceyo da

Veiga, dirixidas a persoas físicas e xurídicas, van poder tar, na medida del que seña posible, en galego-asturiano ademáis d'en casteyano.

#### **Artículo 6.- Ordenanzas, regramentos y bandos**

1.- As ordenanzas, os regramentos e os bandos del Conceyo da Veiga vanse redactar, na medida del que seña posible, en bilingüe, galego-asturiano e casteyano.

2.- As ordenanzas e regramentos aprobados pol Conceyo da Veiga vanse enviar, na medida del que seña posible, en bilingüe, galego-asturiano e casteyano, a os efectos da súa publicación nel Boletín Oficial del Principado d'Asturias.

#### **Artículo 7.- Imaxe institucional**

1.- Os impresos, paneles informativos, folletos, anuncios institucionales, os cruñíos e tampóis dependentes del Conceyo da Veiga e en xeneral calquer material que xenere el Conceyo, vaise poder publicar, na medida del que seña posible, de xeito bilingüe, casteyano e galego-asturiano.

2.- A rotulación das dependencias municipales vaise realizar, na medida del que seña posible, en formato bilingüe.

#### **Artículo 8.- El uso del galego-asturiano nel ámbito interno da Administración Local**

1.- As actas de reunións de todos os órganos municipales han a poder redactarse, ademáis d'en lingua casteyana, tamén en lingua galego-asturiana. El mesmo se vai poder facer con todas as dos patronatos, consejos e entidades con personalidá xurídica que dependen del Conceyo da Veiga.

2.- Del mesmo xeito, han a poder redactarse en galego-asturiano, ademáis d'en casteyano, os dictámenes e informes que teñan que ser sometidos al Conceyo ou á resolución de calquer órgano dependente d'este.

3.- Vaise dar impulso a que, na medida del que seña posible, os estudos, proyectos, memorias, presupostos, escrituras e traballos aparecidos, encargados a terceiros, se fagan en galego-asturiano.

#### **Artículo 9.- El uso del galego-asturiano nas relacións interadministrativas**

1.- Na documentación qu'el Conceyo da Veiga mande a calquera das Administracións Públicas establecidas nel territorio del Conceyo, vaise usar, na medida del que seña posible, el galego-asturiano xunto al casteyano.

2.- Vaise fer el mesmo coas outras administracións públicas radicadas nel territorio del Principado d'Asturias.

3.- Nas comunicacións con calquer outra Administración, incluída a Unión Europea, vaise usar, na medida del que seña posible, el galego-asturiano xunto al casteyano, ademáis da lingua ou linguas que señan oficiales nese ámbito administrativo.

#### **Artículo 10.- Valoración del conocimiento da lingua galego-asturiana**

D'acordo col art. 4.3. da Lei d'uso e promoción del bable/asturiano, el conocimiento del galego-asturiano vai poder valorarse nas oposicións e concursos convocados pol Conceyo da Veiga cuando as características del posto de trabayo e a naturaleza das funcións que vayan desenvolverse lo precisen.

#### **Artículo 11.- Toponimia**

1.- A toponimia del Conceyo da Veiga vai ser a oficial según el Decreto 61/2007, de 24 de mayo, pol que se determinan os seus topónimos oficiales y según se determine nel resto das normas regramentarias qu'al respecto aprobe el Consejo de Gobierno del Principado d'Asturias, previo dictame da Xunta de Toponimia.

2.- El nomenclátor oficial de cayes, barrios, camíos, ademáis da señalización nas vías públicas, vai poder ser en galego-asturiano y respetando os topónimos oficiales.

## **CAPÍTULO TERCEIRO**

### **Algúas medidas prá promoción y normalización da lingua galego-asturiana**

#### **Artículo 12.- Publicidad, anuncios y avisos**

A publicidad, anuncios y avisos de tipo privado del Conceyo da Veiga, dirixidos al seu ámbito territorial ou al da Comunidá Autónoma del Principado d'Asturias, vanse fer sempre, na medida del que seña posible, en galego-asturiano y en casteyano.

#### **Artículo 13.- El uso del galego-asturiano polos cargos públicos**

Vaise animar a os cargos públicos dependentes del Conceyo a espresarse en galego-asturiano nos actos que se celebren nel ámbito territorial da Veiga ou del Principado d'Asturias cuando a intervención seña por razón del propio cargo.

#### **Artículo 14.- Fomento del conocimiento del galego-asturiano**

El Servicio de Normalización Lingüística del Conceyo da Veiga vai amañar os cursos d'aprendizaxe y perfeccionamento que fagan falta pra meyorar el nivel cualitativo das comunicacióis orales ou escritas nas unidades administrativas ou servicios dependentes del Conceyo.

## **CAPÍTULO CUARTO**

### **Servicio de Normalización Lingüística**

#### **Artículo 15.- Funcióis**

1.- Col obxetivo de garantizar el cumplimiento d'esta Ordenanza, el Conceyo da Veiga cunta col apoyo y asesoramento del Servicio de Normalización Lingüística.

2.- El Servicio de Normalización Lingüística, sin perjuicio das competencias que ten atribuídas ou as que podera ter nel futuro, ha a desenvolver estas funcióis:

a) Facer as traduccióis galego-asturiano a casteyano que demanden os órganos y servicios del Conceyo ou das corporacióis públicas dependentes del Conceyo da Veiga.

b) Facer as traduccióis galego-asturiano a casteyano que señan necesarias pral cumplimiento del que recoyen os artículos 5 a 9, ambos incluídos, d'esta Ordenanza.